



ACTA DO XURADO DA CONVOCATORIA DA XXVII EDICIÓN DOS PREMIOS DE PUBLICIDADE EN GALEGO, CONVOCADOS A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN COLABORACIÓN CO PARLAMENTO DE GALICIA E DO FORO ENRIQUE PEINADOR

**Lugar:** A xuntanza realizouse telematicamente a través do servizo corporativo de videoconferencia falemos.xunta.gal

**Data:** 20.01.2021

**Hora de comezo:** 11.00 h

**Hora de remate:** 14.00 h

**ASISTENTES:**

- Elvira María Casal García, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actúa como presidenta do xurado
- Xosé González Martínez, presidente do Foro Enrique Peinador, que actúa como vogal do xurado
- Beatriz Corral Sánchez, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actúa como vogal do xurado
- María Manuela Leis Cambeiro, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actúa como vogal do xurado.
- Juan Carlos Varela Castiñeiras, en representación do Parlamento de Galicia, que actúa como vogal do xurado
- María Lozano Lorenzo, representante da CRTVG, que actúa como vogal do xurado
- Alejandro López Regueiro, profesional da publicidade e da comunicación, que actúa como vogal do xurado
- Xosé Carballido Presas, presidente da asociación veciñal de Seixalbo, que actúa como vogal do xurado
- Natalia Campos Villaverde, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actúa como secretaria do xurado





## ORDE DO DÍA

- 1 Constitución da Comisión de Valoración
- 2 Valoración das solicitudes
- 3 Rolda de intervencións

### **1 Constitución da Comisión de Valoración**

A presidenta declara formalmente constituída a Comisión de Valoración, tal e como determina o apartado 7 das bases da convocatoria e existe quórum suficiente.

### **2 Valoración das solicitudes**

A presidenta da comisión informa aos membros desta de que se presentaron 19 traballos. Deles, 1 á categoría de prensa escrita, 5 á categoría de centro educativo, 7 para a categoría de Internet, 4 á categoría de televisión e 2 á categoría de radio.

Indica que de acordo co establecido no apartado 3 das bases da convocatoria, os membros da comisión de valoración poderán propor tamén candidaturas de acordo coa finalidade do premio. Estes presentan 2 á categoría de prensa escrita e 1 á categoría de internet.

Polo que finalmente débense valorar 22 traballos. Destes 5 á categoría de centro educativo, 3 á categoría de prensa escrita, 8 á categoría de internet, 2 á categoría de radio e 4 á categoría de televisión.

O certame establece dúas modalidades de premio por cada categoría, de xeito que, polos traballos que resulten galardoados, recibirán cadanseu premio tanto a empresa anunciante como a axencia de publicidade que desenvolveu tecnicamente o traballo publicitario.





Os criterios sobre os que se valorarán os traballos presentados son os establecidos no apartado 9 das bases da convocatoria:

- 1) Singularidade da produción
- 2) Impacto na promoción da lingua galega
- 3) Calidade lingüística oral e escrita
- 4) Contido multimedia, para os traballos en Internet

Unha vez avaliados os traballos presentados, a Comisión de Valoración acorda:

1 Propoñer como gañadores das cinco categorías convocadas pola calidade de produción, creatividade e impacto na promoción da lingua galega, os seguintes traballos:

**1 Categoría radio:**

Título do traballo: “H2ohhh!!!”

Empresa anunciante: Hidrotec-Tecnología del agua

Axencia: Ecovigo Publicidad, SL

Por asociar a lingua galega ao desenvolvemento sustentable e aos valores positivos que cómpre coñecer, comprender e valorar; así como pola súa calidade creativa, fotográfica e lingüística.

**2 Categoría televisión:**

Título do traballo: “Non é tabú, é a vida. Falamos?”

Empresa anunciante: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Axencia: 100x100 Creatividade+Comunicación





Pola súa excelencia lingüística e orixinalidade técnica, así como pola súa capacidade de asociar o uso da lingua galega a referentes de recoñecido prestixio e de incidir na normalización do galego desde o ámbito profesional da psicoloxía.

### **3 Categoría internet:**

Título do traballo: “Gústame ir ao Súper”

Empresa anunciante: Grupo Cuevas (Ignacio de las Cuevas, SA)

Axencia: NEOZINK

Pola súa aposta pola lingua galega e por reflectir unha imaxe de normalidade, coherencia e compromiso no emprego do idioma en toda a esfera da súa actividade empresarial e comercial, así como por transparentar o uso lingüístico cotián do galego como garante de proximidade, empatía e calidade.

### **4 Categoría prensa escrita:**

Título do traballo: “Fillo do Atlántico”

Empresa anunciante: Martín Códax

Axencia: &Rosás

Pola súa calidade artística e lingüística e por ilustrar e visibilizar un compromiso firme de responsabilidade social coa lingua galega, tanto na denominación da campaña como nas creatividade de comunicación e publicidade dedicadas á prensa escrita. Así mesmo, por distinguir, darlle presenza e visibilizar a lingua propia de Galicia, tanto na prensa galega como na estatal.

### **5 Categoría centro educativo:**

Título do traballo: “Somos 60% auga”

Centro educativo: IES Leixa

Pola súa creatividade e orixinalidade técnica e lingüística. Nomeadamente, polo emprego da lingua galega asociado a unha mensaxe de sensibilización a prol dun elemento positivo que cómpre salvagardar para protexer a vida.





2 Outorgar por unanimidade unha mención de honra ao Calendario ZZ dos Laboratorios Zeltia, pola promoción do uso da lingua galega e o seu uso continuado na comunicación e difusión publicitarias.

### **3 Rolda de intervencións**

Non hai intervencións.

### **ACORDOS**

- 1 Emítese a proposta de resolución dos gañadores nas cinco categorías convocadas.
- 2 Trasládaselles aos órganos convocantes a proposta de resolución da Comisión de Valoración para que emitan a resolución correspondente.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redacto esta acta como secretaria

Elvira M. <sup>a</sup> Casal García Presidenta	Natalia Campos Villaverde Secretaria
---------------------------------------------------	-----------------------------------------

